



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO
PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 7 DE ABRIL DE 2017.**

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Jesús Fernández Fernández, D. Emilio Villarrea Méndez, D^a. María Soledad Rey Yáñez, D^a. María del Carmen Franco Díaz, e D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D. Antonio José Bouza Rodil, D. Celestino Valentín García Paz, D^a. M^a Jesús Vale López, D^a. María Cristina Goás Fernández, D. Jaime Eduardo de Olano Vela e D. Marcos Besada Álvarez.

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

INTERVENTORA

D^a. Rosa Abelleira Fernández

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as dez horas do día sete de abril de dous mil dezasete, reúnense, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria e urxente do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Excusan verbalmente a súa asistencia verbalmente os concelleiros D^a. Saray Blanco Canoura.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.



1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

Por unanimidade dos membros da Corporación presentes nestas sesión plenaria acórdase a ratificación da urxencia da sesión, tendo en conta que o acordo sobre o asunto a tratar neste Pleno debe remitirse ao Ministerio de Facenda como máximo o 7 de abril de 2017.

1ª PARTE

PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DO PLENO DE DATA 15 DE MARZO DE 2017.

Aclárase por parte da Secretaria Municipal para dicir que se advertiu un erro de transcripción na páxina 9 da acta, onde di “Intervén o concelleiro de obras, D. Jesús Fernández Fernández”, debe dicir “Intervén o concelleiro de obras, D. Jesús Fernández Cal”.

Non existindo máis obxeccións apróbase por unanimidade a acta da sesión de data 15/03/2017.

2.- SOLICITUD DE ADHESIÓN A LAS MEDIDAS PREVISTAS POR LA RESOLUCIÓN DE 29 DE MARZO DE 2017 DE LA SECRETARIA GENERAL DE FINANCIACIÓN AUTONÓMICA Y LOCAL.

EXPTE. 2305/2017.

Vista a proposta de Alcaldía para a adhesión ás medidas previstas pola Resolución de 29 de marzo de 2017 da Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local, que literalmente di:

“La Resolución de 29 de marzo de 2017 de la Secretaría General de Financiación Autonómica y Local (en adelante RSGFAYL), por la que se comunica la publicación de la relación de ayuntamientos que pueden acogerse a la ampliación del período de carencia y de amortización de los préstamos formalizados con el ahora Fondo en liquidación para la Financiación de los Pagos a Proveedores y se determina el procedimiento de gestión que se debe desarrollar para la aplicación de dicha medida, incluye al Ayuntamiento de Viveiro como entidad que puede solicitar la adhesión para modificación de las condiciones financieras, que consiste en un período de carencia adicional para la amortización de principal de 3 años, aumentando asimismo en ese período el plazo de amortización que tuvieren las operaciones de préstamo



formalizadas entre 2012 y 2016 con cargo al Fondo citado, manteniendo los tipos de interés fijados y en aplicación.

La RSGFAYL incluye al Ayuntamiento de Viveiro según el punto Primero.2.B), dado que presenta en la liquidación de 2015 unos ingresos corrientes inferiores a la suma de los gastos corrientes y de la estimación de la cuota anual de los préstamos formalizados con el FFPP, en -277.316,47 €, calculado en los términos de la RSGFAYL y según los datos de la liquidación de 2016 el resultado es un ahorro neto positivo de 398.359,73€.

La solicitud deberá presentarse con la fecha límite del día 7 de abril de 2017 en la aplicación de la Oficina Virtual para la Coordinación Financiera con las Entidades Locales, cumplimentando por el órgano interventor los formularios.

Contendrán la solicitud y la comunicación de la condicionalidad fiscal que deberá ser aprobada por el Pleno de la corporación local. Deberá referirse a la totalidad de las operaciones de préstamo formalizadas entre 2012 y 2016 con cargo al FFPP.

Con la misma fecha límite, deberán haber dado cumplimiento a la presentación de la liquidación del presupuesto de 2015 por vía telemática y con firma electrónica en la Oficina Virtual.

La formalización de la modificación de los contratos de préstamo con las nuevas condiciones financieras deberá aprobarse mediante acuerdo del órgano competente del ayuntamiento, de acuerdo con el artículo 52 del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, y por lo que, en su caso, disponga la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.

Visto informe de intervención de 31 de marzo del corriente y elaborado un Plan de saneamiento financiero del período 2017-2021 presentando signo positivo del ahorro neto y remanente de tesorería para gastos generales en los términos definidos en el apartado PRIMERO de la RSGFAYL, de fecha 3 de marzo, con pronunciamiento favorable del mismo por la interventora municipal en igual fecha, cuya documentación se adjunta a la presente.

Esta Alcaldía, propone al Pleno la adopción de los siguientes acuerdos:

Primero.- Solicitar la adhesión a la medida de la RSGFAYL de 29 de marzo de 2017, por la que se aplicará un período de carencia de amortización de principal adicional de tres años, aumentando en este mismo período el período de amortización que tiene fijado y manteniendo los tipos de interés fijados, de las operaciones de préstamo con el Fondo en Liquidación para la Financiación de los Pagos a Proveedores.

Segundo.- Confirmar el compromiso de aplicación del plan de ajuste que tiene vigente el Ayuntamiento de Viveiro vinculado a las operaciones de crédito cuyo plazo de carencia se va a modificar, y, en su caso, se compromete a aplicar las medidas que se puedan imponer por el Ministerio de Hacienda y Función Pública en el caso de que se produzcan desequilibrios financieros en la entidad.



Tercero.- Aprobar el plan de saneamiento para corregir en 5 años el signo negativo del ahorro neto, según datos de la liquidación 2015 definido por la RSGFAYL, y acepta la aplicación de las medidas que se deriven del incumplimiento de dicho plan, con arreglo a la RSGFAYL.

Cuarto.- Aprobar la modificación de las operaciones de préstamo con las nuevas condiciones financieras, ampliando el plazo de carencia y amortización en tres años, manteniendo los tipos de interés fijados.

Quinto.- Facultar a la Alcaldía a la firma de cuantos documentos sean necesarios, para una mejor ejecución de lo acordado.”

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda en data 5 de abril de 2017.

Procédese pola Sra. Alcaldesa á apertura do debate, que transcorre do seguinte xeito:

Intervén o Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que o 29 de marzo se dictou unha resolución polo Ministerio de Facenda mediante a que se regulan uns medios para acollerese á ampliación do período de carencia de amortización dos préstamos do plan de pago a provedores, dos Reais Decretos 4/2012 e 4/2013. Sinala que o Concello de Viveiro cumpre cos requisitos para acollerse a esta medida. Engade que na acollida a eses Reais Decretos o Concello tiña unha débeda de arredor de 9 millóns de euros, e que a finais de agosto do 2016 se empezaron a amortizar. Para o 2017 estaba previsto amortizar sobre 1.300.000 euros; ata maio amortízanse 600.000 euros, porque esta medida entra en vigor a partires de maio. Este período de carencia sería de 3 anos, polo que unha das débedas, de acollerse a esta medida, remataría no 2026 e outra no 2027. Apunta que o Concello de Viveiro tamén ten outras débedas bancarias que se seguen amortizando, cuns 300.000 euros cada ano. O ano pasado amortizouse sobre un millón de euros. Apunta que se o Concello se acolle a esta medida a débeda viva do Concello no 2020 suporía un 69% dos dereitos recoñecidos netos, por debaixo do establecido polo Estado. Aínda que se deixe de amortizar, os intereses hai que seguir pagándoos. Esta medida non permite collela en parte, cando chegou a primeira comunicación estudiábase collela en parte, pero non é posible, hai que coller os tres anos de carencia na súa totalidade ou non acollerse á medida, non se pode facer de forma parcial.

Intervén, en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que cando o goberno de Rajoy estableceu o plan de pago a provedores xa lles pareceu axeitado, posto que sempre consideraron que hai que pagar o que se debe ademáis de non gastar máis do que se ten. Sinala que se agradece esta medida para os concellos que se atopan apretados economicamente. Engade que suscriben as palabras do informe de Intervención, no que se sinala que a solución correcta sería adherirse, polo que o seu grupo vai votar a favor.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para sinalar que considera que esta medida é pan para hoxe e fame para mañá, considerando que se trata dunha



medida política do P.P., ó mellor pactada co P.S.O.E. en Madrid, para permitir que os concellos podan facer gastos e obras ata as eleccións municipais do 2019. Apunta que resulta curioso que no Concello de Burela se vaia solicitar pagar 400.000 euros de débeda e aquí se vaia pedir a carencia. Engade que dada a difícil situación económica do Concello, o goberno socialista era incapaz de facer os orzamentos porque non daban as cifras, e agora poderá facelo. Sinala que, entendendo que esta medida irá en beneficio dos veciños, porque conlevará que se podan realizar obras ou servizos que beneficien á cidadanía, vaise abster, aínda que considera que a medida non é boa, indicando que con todo isto séguense pagando intereses e polo tanto dándolle diñeiro á banca. Pregúntalle á interventora se é posible amortizar parcialmente algunha cantidade neses anos de carencia.

Intervén a Interventora Municipal, D^a. Rosa Abelleira Fernández, para dicir que de momento do fondo a provedores non, e respecto aos outros préstamos podería ser, pero habería que mirar se tería penalización.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que se vai abster, entendendo que vai ser bo para os veciños que se conte con máis posibilidade de gasto. Engade que non quere ser partícipe de poñer parches.

Intervén o Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, para dicir, respecto ao apunte feito polo Concelleiro D. Bernardo Fraga Galdo sobre a posibilidade de realizar obras, que as obras que se fan hai que pagalas, polo que a cantidade da que nos permitiría dispor o acollemento a esta medida tamén ten que terse en conta para facer fronte a gastos correntes e sentencias. Engade que as medidas de control por parte do Estado que hai agora debería habelas fai moitos anos. Sinala que hai concellos que a pesares de contar cun remanente de tesourería de 2 ou 3 millóns de euros non poden gastalo, e iso é peor que non telos. Indica que con esta carencia pode rebaixarse outro tipo de débedas non financieras, como o pago de sentenzas firmes, engadindo que ademáis se vai seguir amortizando, polo que esta medida supón un balón de osíxeno para os concellos, xa que sen ela habería que prescindir dalgún servizo, apuntando que non sabe quen acordou esta medida en Madrid.

Intervén, en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que esta medida non é obrigatoria, que ó seu grupo lle parece ben, e que non entende que ao Sr. Bernardo Fraga lle poda parecer mala a medida e sen embargo diga que vai supoñer un beneficio para os veciños.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para dicir que considera que se trata dunha medida mala porque no permite acollerse de forma parcial, polo que non considera que esteña ben configurada, xa que ao terse que acoller á totalidade da carencia ofrecida o que supón é prolongar a armonía ata o 2020, polo que resulta beneficiosa só a acurto prazo. Engade que por ese motivo preguntou se se podía



amortizar parte da débeda. Sinala que considera que a banca sempre gaña porque hai que seguir pagando intereses.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que hai que ser responsable.

Intervén, en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que practicamente todos os cidadáns pediron créditos nalgún momento e tiveron que pagar intereses, pero iso conlevoulles mellorar a súa calidade de vida. Entende que a medida hai que aceptala ou rexeitala tal e como está, o resto é xogar e engade que ata o 2020 seguramente haberá máis medidas que favorecerán aos Concellos para pagar as súas débedas.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para dicir que a él o que lle interesa non é se un particular pide ou non un préstamo, senón a situación do Concello de Viveiro.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose con 13 votos a favor, correspondentes aos concelleiros do grupo do P.S.O.E. e do grupo do P.P. e tres abstencións correspondentes ao concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto e aos dous concelleiros non adscritos, a adopción do seguinte acordo:

Primero.- Solicitar la adhesión a la medida de la RSGFAYL de 29 de marzo de 2017, por la que se aplicará un período de carencia de amortización de principal adicional de tres años, aumentando en este mismo período el período de amortización que tiene fijado y manteniendo los tipos de interés fijados, de las operaciones de préstamo con el Fondo en Liquidación para la Financiación de los Pagos a Proveedores.

Segundo.- Confirmar el compromiso de aplicación del plan de ajuste que tiene vigente el Ayuntamiento de Viveiro vinculado a las operaciones de crédito cuyo plazo de carencia se va a modificar, y, en su caso, se compromete a aplicar las medidas que se puedan imponer por el Ministerio de Hacienda y Función Pública en el caso de que se produzcan desequilibrios financieros en la entidad.

Tercero.- Aprobar el plan de saneamiento para corregir en 5 años el signo negativo del ahorro neto, según datos de la liquidación 2015 definido por la RSGFAYL, y acepta la aplicación de las medidas que se deriven del incumplimiento de dicho plan, con arreglo a la RSGFAYL.

Cuarto.- Aprobar la modificación de las operaciones de préstamo con las nuevas condiciones financieras, ampliando el plazo de carencia y amortización en tres años, manteniendo los tipos de interés fijados.

Quinto.- Facultar a la Alcaldía a la firma de cuantos documentos sean necesarios, para una mejor ejecución de lo acordado.



E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 10.40 do día 7 de abril de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)